

Referencia (se procede):

ANEXO III. COMPROMISO DO/A ESTUDANTE EN PRÁCTICAS

D/D.^a

, con DNI

e estudante de

na Escola/Facultade

DECLARO

- Non manter ningunha relación laboral neste momento nin durante a duración das prácticas coa entidade colaboradora na que as desenvolverei, sen prexuízo de que estas poidan ser interrompidas para establecer unha relación contractual ou agás que conte coa autorización expresa do meu titor/a académico axustándose en todo caso ao recollido no art. 8.5 do Regulamento de prácticas académicas externas desenvolvido pola Universidade de Vigo.
- Cumprir todas as obrigas estipuladas no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios, no seu artigo 9.2. Deberes dos estudantes en prácticas, que son os seguintes:
 - Coñecer e cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola universidade.
 - Coñecer e cumprir o proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor/a asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor/a da universidade.
 - Manter contacto co titor/a da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir nisto, así como entregar os documentos e os informes de seguimento intermedio, xunta a memoria final que lle soliciten.
 - Incorporarse á entidade colaboradora na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as súas normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais.
 - Desenvolver o proxecto formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme as liñas establecidas nel.
- Elaborar unha memoria final das prácticas, acorde coas instrucións do seu centro.
- Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estada e unha vez finalizada esta.
- Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara a política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.
- Calquera outro deber previsto na normativa vixente ou no correspondente convenio de cooperación educativa subscrito pola universidade coa entidade colaboradora.
- Respectar as normas das autoridades sanitarias que estean en vigor en cada momento, as esixencias preventivas de protección da saúde e as resolucións do reitor da Universidade de Vigo para adecuar a actividade docente ás restricións adoptadas pola Xunta de Galicia por razóns sanitarias.

Lugar e data:

Nome, apelidos e sinatura do alumno/a:

INSTRUCCIÓN

1. No caso de **prácticas curriculares**: entréguelle este documento, debidamente asinado, ao/á titor/a académico/a ou ao/á coordinador/a de prácticas da universidade.
2. No caso de **prácticas extracurriculares**: entregue este documento, debidamente asinado, na Fundación da Universidade de Vigo.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

Responsable: Universidade de Vigo.

Finalidade: xestionar e tramitar convenios de cooperación educativa e realizar prácticas externas, ofertas de emprego e bolsas de formación práctica da Universidade de Vigo.

Lexitimación: o tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento baséase nas competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e desenvoltas polo Real decreto 592/2014, do 1 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios.

Cesións: non se prevén cesións a terceiros.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: a información recollida neste formulario procede da propia persoa interesada ou da súa representación legal.

Información adicional: uvigo.gal/proteccion-datos